

UNHA EMPRESA GALEGA TRABALLA A TRAVÉS DA REDE PARA CONVERTIRSE NA MELLOR FERRAMENTA DE VENTAS DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN EN ESPAÑA

Coñece-lo mercado en profundidade é un dos requisitos imprescindibles para calquera empresa que quere aproveitar ó máximo as súas oportunidades de negocio. O sector da construción é sempre unha das áreas productivas máis puxantes e dinámicas, pero a falta de ferramentas de información capaces de centralizar e sacar do ámbito local unha información dispersa e cambiante dificulta o acceso das empresas auxiliares ó coñecemento das obras en proxecto ou execución. A empresa viguesa Construdata21, coa axuda da Secretaría Xeral de I+D, pon en marcha un servizo avanzado de información a nivel estatal co obxectivo de suplir esta carencia.

VIGO, 02/11/2001.- Máis de 300.000 empresas repartidas por todo o Estado son a mellor proba de que o sector da construción se atopa nun momento de evidente prosperidade, avalado ó tempo por unhas perspectivas de futuro que garanten o seu importante papel no desenvolvemento económico do país. En cada un dos proxectos son moitas as empresas que interveñen ata que o edificio se considera rematado e as necesidades cubren dende a propia redacción do proxecto, a financiación ou o inicio da cimentación ata a instalación das liñas telefónicas ou a contratación de seguros. En calquera caso as empresas que cobren cada unha destas fases precisan sempre saber onde se está construindo en cada momento para poder orientar selectivamente as súas ofertas. Construdata21 nace da idea de crear un servizo de información sobre tódalas obras que se están levando a cabo en España para colocala na rede á súa disposición. O proxecto, que xa está en funcionamento, conta cunha axuda do Programa de Apoio á Innovación do Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento (PGIDT).

Dar resposta a unha necesidade do sector

A iniciativa de crear Construdata21 xurdiu de Marcelino Otero, empresario pontevedrés e Conselleiro Delegado da firma, quen estudou o funcionamento de empresas similares durante a súa etapa profesional en EEUU. Naceu a principios do ano 2000 coma un proxecto spin-off do grupo Netaccede, que está funcionando dende Vigo como incubadora de empresas innovadoras. No mes de outubro do mesmo ano, e unha vez que se comprobou a viabilidade da iniciativa, Construdata21 independizouse legalmente e conta xa con novas instalacións.

Na actualidade, en España non é difícil acceder á información sobre obras públicas porque as diferentes administracións están obrigadas a realizar convocatorias públicas para a súa contratación. A información sobre a obra privada, sen embargo, non está dispoñible dun xeito organizado e sistematizado. "Os empresarios non teñen un bo servizo ó que recorrer para detecta-las oportunidades de negocio que se lles presentan, así que moitas veces perden traballos por non saber que están ahí. O seu coñecemento limítase ó ámbito máis próximo, cando ó mellor teñen opcións moi interesantes e que lle compensan incluso na provincia do lado. Neste sentido, trátase dunha ferramenta idónea para as empresas que queren amplia-la súa actividade comercial máis alá do seu ámbito tradicional de actuación e tamén para as que desexan ter unha visión global da actividade no sector", explica Rolando Buenavilla, Director Xerente da empresa no 2001. Nestas circunstancias Construdata21 preséntase como unha ferramenta de venda fundamental que permite un incremento de oportunidades comerciais, un aforro notable de custes, tempo e recursos humanos, o que revirte directamente na rendibilidade e competitividade das empresas. O mercado potencial do servizo é moi extenso: contratistas, subcontratistas, provedores de equipamentos e servizos, fabricantes de materiais, instaladores e subministradores de equipamento, estudos de arquitectura e enxeñería, empresas de servizos mobiliarios, aseguradoras, entidades financeiras e consultoras forman parte do amplo abano de axentes que se poden beneficiar da iniciativa.

O vínculo do proxecto coa Internet vai dende a propia intranet que permite o fluxo inmediato dos datos dende os diferentes puntos do Estado ata o medio de acceso dos clientes á información, aínda que tamén teñen opción de recibila a través de fax, email ou correo

Internet construdata21 SA

(00 34) 902 21 88 21 / (00 34) 986 44 10 54

López de Neira 3 · 36202 Vigo · Fax (+34) 986 22 68 69 · España

postal. En todo caso, a utilización da rede é un factor determinante para garanti-la axilidade e a actualización da información en tempo real, permitindo unha recollida de datos máis efectiva. Este é un labor complexo do que se ocupa unha rede de profesionais repartidos por toda España: "Temos actualmente 52 axentes, que serán 80 a mediados de ano, e que se ocupan de busca-las obras, recabar a maior cantidade de datos posible in situ e envialos á central a través da intranet. Neste sentido, a iniciativa é moi innovadora, algo que nos ten suposto algún problema co seu rexime laboral porque o teletraballo é algo de moi recente implantación no noso país e non existe unha lexislación concreta que o regule. Ademais desta xente, contamos cun equipo de comerciais que se ocuparán de darlle pulo ó servizo entre os interesados", comenta Rolando Buenavilla. Os datos, que chegan dende as principais cidades de España son validados por un equipo de profesionais que traballan na central da empresa, situada en Vigo e que garanten a fiabilidade da información e a súa presentación organizada. "A estandarización é un valor que ten moita importancia na estruturación dos datos porque é a única maneira de que o cliente acceda a eles con axilidade, dándolle a seguridade de que sempre sabe onde ten que buscar", explica o director da empresa.

Os responsables do proxecto definen o servizo coma un proveedor especializado de contidos sobre o sector da construción, o que implica ofrecer unha información exhaustiva e rigurosa que lle dea ó cliente tódalas claves que ten que manexar para poder avaliar e orienta-las súas opcións de negocio. Neste sentido, a páxina de Construdata 21, www.construdata21.com, está fundamentalmente organizada en función das necesidades do cliente, que pode obter datos básicos de forma gratuita ou ben acceder á información detallada que se contén nas Fichas de Obra suscribíndose ó servizo a través dalguna das múltiples modalidades de contratación existentes. As Fichas de Obra dan conta da localización da mesma, das súas características xerais e técnicas, de tódolos provedores que participan nela, cos seus datos de contacto, e das distintas fases que se van sucedendo no seu historial constructivo, de xeito que se pode saber en que estado se encontra cada obra no momento en que se realiza a consulta. Ademais, coa pretensión de flexibilizar e persoaliza-lo acceso ó servizo ó máximo, implementouse a posibilidade de crear perfis personalizados de busca e unha Carteira de Obras propia que vaia actualizando a información que interesa a cada cliente automaticamente. Nesta mesma liña, está previsto poñer a disposición dos clientes, vía email, boletíns quincenais nos que se ofrezan os contidos que especificamente respostan ó seu perfil.

Boas perspectivas

Dende o mes de outubro de 2001 o servizo está xa na rede e tras cumprir un periodo de proba, é actualmente operativo de xeito comercial, aínda que o afán por ofrecer unha información tan vasta e de calidade impón todavía un labor intenso de recollida de datos ata poder alcanzar unha cobertura óptima en todo o territorio nacional. "As perspectivas son moi boas porque os empresarios que están probando o servizo xa se mostran satisfeitos agora, así que agardamos que cando o sistema estea ben abastecido de información a resposta sexa aínda máis positiva", explica Rolando Buenavilla.